Clece

PRINCIPIOS REITORES DE PREVENCIÓN DA RESPONSABILIDADE PENAL, ANTISUBORNO E DEFENSA DA COMPETENCIA

ARPOBADO POLO
ÓRGANO DE ADMINISTRACIÓN:

Cristóbal Valderas Alvarado (Administrador Único)

en representación de:
ACS SERVICIOS Y CONCESIONES S.L.

Marzo 2022

CONTROL DE MODIFICACIÓNS

VERSIÓN- APARTADOS	COMENTARIOS- DATA
V.0.- documento inicial	En vigor dende 09/2018
V.1.- cambios menores en formato	Aprobado polo OCP 22/10/2020
V.2.- adecuación e actualización conforme a matriz de riscos e en materia de dereito da competencia	Preparado, supervisado e aprobado polo OC en Acta de 24 de marzo Órgano de Administración 03/2022

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 4

2. ALCANCE 4

3. PRINCIPIOS REITORES E CONDUTAS PROHIBIDAS NO ÁMBITO PENAL E ANTISOBORNO 4

3.1. PREVENCIÓN DA CORRUPCIÓN PARA SER UNHA EMPRESA MÁIS COMPETITIVA E SUSTENTABLE, ADEMAIS DE CONTRIBUÍR A CREAR UNHA SOCIEDADE MÁIS XUSTA 4

3.2. NEGATIVA Á FRAUDE E A PARTICIPACIÓN EN ORGANIZACIÓNS CRIMINAIS PARA ASEGURAR UNHAS REGRAS DO XOGO LIMPAS E ÉTICAS 5

3.3. PREVENCIÓN DOS DELITOS CONTRA A FACENDA PÚBLICA E A SEGURIDADE SOCIAL PARA AXUDAR AO SOSTEMENTO DAS ARCAS PÚBLICAS E DOS SERVIZOS ESENCIAIS 6

3.4. USO ADECUADO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS CON RESPECTO Á PROPIEDADE INTELECTUAL E INDUSTRIAL, AOS CONSUMIDORES E Á INTIMIDADE DOS INDIVIDUOS, QUE ACENTÚA O NOSO COMPROMISO COA INNOVACIÓN E O DESENVOLVEMENTO 7

3.5. PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DO MEDIO AMBIENTE E A CONTORNA PARA ASEGURAR UN FUTURO CHEO DE OPORTUNIDADES 8

3.6. REXEITAMENTO E DENUNCIA DAS CONDUTAS QUE ATENTAN CONTRA SAÚDE E INTEGRIDADE DOS SERES HUMANOS, O QUE ELEVA A NOSA DIGNIDADE COMO PERSOAS. 9

3.7. RESPECTO AOS DEREITOS DOS TRABALLADORES, PORQUE, EN CLECE, O PRIMEIRO SON AS PERSOAS 10

4. PRINCIPIOS REITORES E CONDUTAS PROHIBIDAS NO ÁMBITO DA NORMATIVA DE DEFENSA DA COMPETENCIA 11

4.1. ACORDOS ENTRE EMPRESAS E OUTRAS PRÁCTICAS QUE TEÑAN POR OBXECTO OU POR EFECTO RESTRINXIR A LIBRE COMPETENCIA 11

4.2. ABUSOS DE POSICIÓN DE DOMINIO 11

4.3. ACTOS DE COMPETENCIA DESLEAL QUE AFECTEN O INTERESE PÚBLICO 12

4.4. INFRACCIÓNS EN MATERIA DE CONTROL DE CONCENTRACIÓNS ECONÓMICAS . 12

4.5. OUTRAS CONDUTAS NON PERMITIDAS POLO DEREITO DA COMPETENCIA 12

5. ENTRADA EN VIGOR, VIXENCIA, COMUNICACIÓN E REVISIÓN 13

1. INTRODUCIÓN

No marco do Código ético de Clece e as súas sociedades participadas (en diante, CLECE ou a Organización) e como parte do Sistema Integral de Xestión de Compliance que ten implantado, recóllense a continuación unha serie de principios que deberán rexer a actuación profesional das persoas que integran e se relacionan con CLECE a fin de previr ou evitar que poidan levar a cabo condutas irregulares, delitos ou infraccións en materia de competencia que leven á súa vez responsabilidade tanto para as persoas físicas como para CLECE.

En consecuencia, prohíbese a realización das condutas que se detallan a continuación por medio do presente catálogo de principios.

2. ALCANCE

Estes principios reitores resultan de aplicación a todas as actividades da organización e son de obrigado cumprimento por parte de todos os membros de CLECE, con independencia do cargo ou posto que ocupen dentro da organización, o tipo de relación e a súa localización xeográfica.

Doutra banda, serán extensivos ás relacións mantidas con terceiros, socios de negocio, persoas que actúen ou realicen actividades en nome da organización, filiais estranxeiras e sociedades participadas controladas e non controladas.

Todos eles deberán coñecer e aplicar os presentes principios ao ámbito da súa actuación profesional.

3. PRINCIPIOS REITORES E CONDUTAS PROHIBIDAS NO ÁMBITO PENAL E ANTISOBORNO

3.1. Prevención da corrupción para ser unha empresa máis competitiva e sustentable, ademais de contribuír a crear unha sociedade máis xusta

Neste sentido, quedan prohibidas as condutas que teñan por obxecto:

- Ofrecer ou entregar a comerciais, administradores, directivos ou empregados doutra entidade ou empresa calquera vantaxe ou beneficio non-xustificado, como contraprestación nunha transacción económica, para favorecer indebidamente a CLECE.

- Solicitar ou aceptar doutra empresa ou entidade calquera vantaxe ou beneficio non-xustificado, como contraprestación nunha transacción económica, para favorecer indebidamente esa entidade ou empresa fronte a outras.

- Ofrecer ou entregar dádiva ou retribución de calquera clase a unha autoridade e/ou funcionario público para que este, en relación co exercicio das súas funcións públicas, actúe ou deixe de actuar para manter algún contrato, ou obter unha vantaxe ou beneficio de calquera clase para CLECE..

- Atender á petición dunha autoridade e/ou funcionario público de que se lle entregue dádiva ou retribución de calquera clase para que este actúe ou deixe de actuar en relación co exercicio das súas funcións públicas co fin de conseguir un beneficio ou vantaxe de calquera clase para CLECE.

- Influír nun funcionario público ou nunha autoridade valéndose da relación persoal que se teña con ela a fin de obter unha resolución beneficiosa para un mesmo ou para CLECE.

- Aceptar ou solicitar dádivas ou calquera outra remuneración promesa para influír en funcionario público a fin de conseguir unha resolución que poida xerar directa ou indirectamente un beneficio económico para un mesmo ou para a empresa.

- A xestión ou administración indebida sobre fondos ou caudais públicos.

3.2. Negativa á fraude e a participación en organizacións criminais para asegurar unhas regras do xogo limpas e éticas

Baixo este principio, quedan prohibidas as seguintes condutas:

- Inducir a erro a terceiros mediante engano para que realicen un acto de disposición patrimonial (entregar diñeiro, facer un pago etc.), no seu prexuízo propio ou de terceiros, a fin de conseguir un beneficio ou lucro para CLECE.

- Realizar calquera acto de disposición patrimonial ou xerador de obrigas para a empresa tendente a diminuír ou ocultar os bens da empresa coa intención de eludir o pago de responsabilidades civís, ou co fin de dificultar ou impedir a eficacia dun embargo en prexuízo dos acredores da empresa.

- Cometer irregularidades na xestión da contabilidade da empresa, non levar ou levar dobre contabilidade, ou ocultar ou destruír a documentación que a empresa ten obriga de gardar, nunha situación de insolvencia patrimonial

actual ou inminente.

- Ocultar ou destruír bens da empresa que estean incluídos nun proceso concursal, facer transferencias de diñeiro ou outros activos patrimoniais, ou asumir débedas que non garden proporción coa situación patrimonial do debedor, ou vender ou prestar servizos por prezo inferior ao seu custo de adquisición ou produción, nunha situación de insolvencia patrimonial actual ou inminente.

- Solicitar dádivas ou promesas coa finalidade de non tomar parte nun concurso ou poxa pública, así como utilizar calquera artificio ou ameaza para impedir que outra parte forme parte dela. Inclúese tamén o concerto entre partes co obxectivo de alterar o prezo de remate, así como a quebra ou abandono fraudulento do adxudicatario.

- Realizar ofertas ou publicidade enganosa sobre produtos ou servizos mediante alegacións falsas ou manifestacións incertas sobre as súas características.

- Facturar cantidades superiores por produtos ou servizos mediante a alteración ou manipulación dos aparellos automáticos empregados para medir o seu custo ou prezo.
- Participar en operacións ou transaccións destinadas á adquisición, posesión, uso, conversión ou transmisión de bens, sabendo que estes teñen a súa orixe nunha actividade delituosa, para encubrir a súa orixe ilícita ou encubrir as consecuencias legais da operativa.

- Falsificar ou simular datos en facturas, recibos, contratos ou calquera outro documento de CLECE que afecte a terceiros.

- Aceptar e/ou realizar doazóns ou achegas destinadas a un partido político, federación, coalición ou agrupación de electores con infracción do disposto na normativa sobre financiamento dos partidos políticos. Promover, constituír, xestionar e/ou dirixir unha asociación ilícita ou unha organización criminal-terrorista, incluída a participación e/ou cooperación activa a través de calquera medio ou acción como, por exemplo, o financiamento.

- A importación, exportación, comercio, tenza, ocultación, subtracción, circulación de xéneros prohibidos e/ou contrabando de mercadorías sen a observancia da normativa concreta reguladora e do réxime alfandegueiro.

3.3. Prevención dos delitos contra a Facenda Pública e a Seguridade Social para axudar ao sostemento das arcas públicas e dos servizos esenciais

Para cumprir con este principio, quedan prohibidas as condutas que teñan por obxecto:

- Eludir o pago de tributos, cantidades retidas ou que se deberon reter, ou ingresos a conta, á Facenda Pública.
- Obter devolucións ou gozar de beneficios fiscais da Facenda Pública, indebidamente en ambos os casos..
- Non pagar as cotas correspondentes á Seguridade Social, obter indebidamente a súa devolución ou gozar de deducións de forma indebida.
- Obter prestacións da Seguridade Social para un mesmo ou para a empresa, ou a súa prolongación, mediante simulación ou ocultación de feitos sobre os que se debía informar.
- Falsear as condicións requiridas para obter subvencións ou axudas das administracións públicas ou ocultando as que impedisen a concesión.
- Incumprir a obriga de xestión de contabilidade, libros ou rexistros fiscais, ou levar contabilidades distintas para unha mesma actividade ou exercicio económico.
- Non anotar nos libros obrigatorios negocios, operacións ou transaccións económicas, ou anotalos con cifras falsas ou, en xeral, facer anotacións contables ficticias.
- Obstaculizar a actividade inspectora ou a realizada por órganos de supervisión e entidades de regulación.

3.4. Uso adecuado das novas tecnoloxías con respecto á propiedade intelectual e industrial, aos consumidores e á intimidade dos individuos, que acentúa o noso compromiso coa innovación e o desenvolvemento

Para usar de forma adecuada e respectuosa as novas tecnoloxías, quedan prohibidas as condutas seguintes:

- Vulnerar a intimidade doutra persoa mediante o apoderamento, revelación, descubrimento ou a interceptación das comunicacións persoais ou secretas, accedendo a cartas, mensaxes de correo electrónico ou calquera outros documentos ou efectos persoais sen o consentimento da persoa.
- O apoderamento, uso, modificación ou alteración non-autorizada dos datos reservados de carácter persoal ou familiar que se achen rexistrados en ficheiros ou soportes informáticos, electrónicos, telemáticos ou en calquera outro tipo de arquivo ou rexistro público ou privado. Inclúe a cesión, difusión ou revelación de imaxes ou gravacións sen o consentimento da persoa.

- A vulneración das medidas de seguridade a través da xeración, produción, uso ou adquisición dun programa ou sistema informático que permita o acceso ilícito e ilexítimo non-autorizado ao conxunto ou parte dun sistema de información.

- O borrado, destrución, deterioración, inutilización ou eliminación, modificación ou inaccesibilidade sen autorización dos datos de carácter electrónico, alterando con iso tamén o propio sistema informático de soporte.

- Infrinxir por calquera medio os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre obras (creacións literarias, artísticas, educativas, científicas) ou produtos (patentes, marcas) mediante a súa reprodución, copia ou plaxio, ou mediante a súa fabricación, importación, tenza, uso, acceso non-autorizado, distribución ou introdución en territorio español sen consentimento do seu titular e con coñecemento do seu rexistro.

- Copiar software (programas, sistemas operativos etc.), descargar arquivos de Internet sen a correspondente autorización ou licenza, ou publicar na web enlaces a páxinas de descargas ilegais.

- Revelar, difundir, ceder a terceiros ou obter un segredo de empresa cando se ten legal ou contractualmente obriga de gardar reserva, coñecendo ou sen coñecer a orixe ilícita da información

3.5. Protección e conservación do medio ambiente e a contorna para asegurar un futuro cheo de oportunidades

Para cumprir con este principio, quedan prohibidas as condutas que teñan por obxecto:

- Realizar, directa ou indirectamente, actividades, tales como emisións, verteduras, ruídos, depósitos etc. que poidan causar danos no medio ambiente (atmosfera, solo ou subsolo, auga terrestre ou subterránea, mar ou alta mar) ou que supoñan un grave perigo para a integridade e saúde das persoas.

- Realizar actividades que consistan en recoller, transportar, transformar, eliminar ou aproveitar residuos, ou non controlar ou vixiar adecuadamente tales actividades, de modo que causen ou poidan causar danos ao medio ambiente, ou morte ou lesións graves a persoas. Na mesma liña resulta de aplicación á manipulación e comercialización de substancias explosivas, inflamables ou corrosivas, tóxicas e asfixiantes que poidan causar graves

estragos e contraveñan as normas de seguridade establecidas.

- Realizar actividades que consistan na explotación de instalacións onde se realicen actividades perigosas con posibles danos á calidade do aire, a auga, o solo, os animais, as plantas ou as persoas.

- A promoción, construción, urbanización, ou edificación non-autorizable en solos que teñan legal ou administrativamente recoñecido o seu valor paisaxístico, ecolóxico, artístico, histórico ou cultural e que, por tanto, sexan considerados ou cualificados de especial protección.

3.6. Rexeitamento e denuncia das condutas que atentan contra saúde e integridade dos seres humanos, o que eleva a nosa dignidade como persoas.

Baixo este principio, quedan prohibidas as condutas relativas á trata de seres humanos; o tráfico ilegal de órganos; a prostitución, explotación sexual e corrupción de menores; actos prexudiciais contra a saúde pública e o tráfico de drogas.

- Facilitar a entrada, tránsito, traslado, acollida, intercambio ou recibimento de persoas nos aeroportos, portos e zonas fronteirizas para o exercicio de actividades ilícitas cando sobre esas persoas (nacionais ou estranxeiras, con especial atención aos colectivos sensibles e/ou vulnerables) se exercese violencia, abuso de poder ou posición, intimidación ou engano con fins de explotación.

- Promover, facilitar, mediar, obter, extraer, preservar, almacenar ou calquera conduta que favoreza o tráfico de órganos humanos, así como os actos de publicidade e captación de doantes, receptores e facultativos especializados.

- Contribuír á captación e/ou produción, financiamento, venda, difusión, distribución ou exhibición de pornografía infantil ou en cuxa elaboración sexan utilizadas persoas pertencentes a colectivos vulnerables e/ou sensibles, así como o acceso ou consumo desta clase de material por calquera medio.

- A publicación, difusión, promoción ou incitación a realizar calquera conduta ou acto de odio, hostilidade, discriminación ou violencia contra un grupo, incluíndo o enaltecemento dos delitos de xenocidio, lesa humanidade ou contra as persoas e bens protexidos en caso de conflito armado. Adicionalmente, a lesión da dignidade das persoas mediante accións que entrañen humillación, menosprezo ou descrédito, atendendo a motivos racistas, antisemitas ou outros referentes á ideoloxía, relixión ou crenzas, situación familiar, á pertenza dos seus membros a unha etnia, raza

ou nación, á súa orixe nacional, xénero ou identidade sexual, enfermidade, diversidade funcional ou situación de vulnerabilidade.

- Elaboración, manipulación, comercialización e subministración de sustancias nocivas para a saúde, produtos químicos que poidan causar estragos, así como medicamentos ou produtos sanitarios, alimentos ou bebidas que incumpran a normativa específica de autorización sobre a súa composición, nocividade, corrupción, inutilización ou desinfección, incluíndo o tratamento de aires e augas potables.
- Traficar, cultivar, elaborar, posuír ou favorecer o consumo de drogas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, con especial relevancia das figuras de facultativos, traballadores sociais, docentes ou educadores no exercicio do seu cargo, profesión ou oficio.

3.7. Respecto aos dereitos dos traballadores, porque, en CLECE, o primeiro son as persoas

Quedan prohibidas as seguintes condutas:

- Impor aos traballadores condicións laborais ou de seguridade social que prexudiquen os dereitos que teñan recoñecidos por disposicións laborais legais, convenios colectivos ou contrato individual, empregando engano ou abuso en situación de necesidade.
- Empregar cidadáns estranxeiros sen permiso de traballo ou menores de idade.
- Impedir ou limitar o exercicio da liberdade sindical ou da folga mediante engano ou abuso de situación de necesidade, ou coaccionar outras persoas a iniciar ou continuar a folga.
- Non facilitar aos traballadores os medios necesarios para que desempeñen a súa actividade coas medidas de seguridade e hixiene adecuadas, de forma que poñan así en perigo grave a súa vida, saúde ou integridade física.
- Discriminar unha persoa pola súa ideoloxía, relixión ou crenzas, raza, etnia ou nación, sexo, idade, orientación ou identidade sexual ou de xénero, aporofobia ou situación de exclusión social ou familiar, enfermidade ou diversidade funcional, por exercer a representación legal ou sindical dos traballadores, polo parentesco con outros traballadores da empresa ou polo uso dalgunha das linguas oficiais do Estado español, e non restablecer a situación de igualdade ante requirimento ou sanción.

4. PRINCIPIOS REITORES E CONDUTAS PROHIBIDAS NO ÁMBITO DA NORMATIVA DE DEFENSA DA COMPETENCIA

4.1. Acordos entre empresas e outras prácticas que teñan por obxecto ou por efecto restrinxir a libre competencia

As seguintes condutas atópanse prohibidas pola normativa de defensa da competencia:

- Participar en acordos ou prácticas concertadas entre empresas que impliquen, de forma directa ou indirecta, a fixación de prezos ou outras condicións comerciais, a repartición de mercados, clientes ou fontes de aprovisionamento, incluídos os acordos para a repartición ou falseamento de licitacións públicas.

- Constitución de unións temporais de empresas con competidores que non resulten obxectivamente necesarias para a execución dun determinado proxecto ou a concorrencia a unha determinada licitación.

- Implantación dunha recomendación colectiva emitida por unha asociación sectorial da que se é membro relativa a calquera aspecto relacionado coa política comercial de CLECE.

- Intercambios de información comercial sensible con competidores por calquera medio (correos electrónicos, mensaxería instantánea, conversas telefónicas ou presenciais etc.), entendendo como tal aquela que unha empresa normalmente non compartiría cun terceiro alleo á organización e, en particular, información que poida permitir ao destinatario coñecer ou anticipar a conduta da empresa no mercado.

- Acordos entre empresas que non operan ao mesmo nivel da cadea de produción (relacións de distribución, subministración) e que conteñan restricións especialmente graves da competencia, como a fixación dos prezos de revenda, restricións de vendas pasivas ou prohibición da venda en liña.

4.2. Abusos de posición de dominio

A normativa de defensa da competencia prohibe abusar do feito de ter unha posición de dominio no mercado.

Así, cando unha empresa se atope en posición de dominio nun mercado determinado, debe evitar realizar condutas que poidan constituír actos de abuso

da súa posición dominante, tales como fixar prezos predatorios ou excesivos, negarse inxustificadamente a contratar con terceiros ou aplicar prezos ou condicións comerciais discriminatorias.

4.3. Actos de competencia desleal que afecten o interese público

As seguintes condutas atópanse prohibidas pola normativa de defensa da competencia:

- Actos de boicot (vontade de eliminar unha empresa do mercado) mediante unha campaña que incite a absterse de contratar as prestacións ou de adquirir os produtos dun competidor.
- Abuso dunha situación de dependencia económica (por exemplo, un provedor que ten por único cliente CLECE) para conseguir condicións máis beneficiosas.
- Inducir o socio contractual dun competidor (cliente ou provedor) a incorrer en incumprimento contractual coa intención de eliminar ou prexudicar o devandito competidor.
- Publicar ou difundir informacións falsas sobre competidores (falsos rumores).
- Denigrar publicamente os produtos e ou servizos de competidores.

4.4. Infraccións en materia de control de concentracións económicas

Constitúen infraccións no ámbito do control de concentracións e, por tanto, son condutas prohibidas no seo de CLECE:

- Levar a pleno efecto unha operación de concentración[1] que cumpra cos limiares de notificación establecidos a escala nacional e europea sen notificar a operación á autoridade competente.
- Intervir na xestión ou na toma de decisións estratéxicas da sociedade adquirida ou de calquera outra forma de levar a cabo a operación de concentración antes de recibir a preceptiva autorización da autoridade de competencia.
- Incumprir calquera dos compromisos establecidos na resolución de autorización dunha operación de concentración suxeita a compromisos.

4.5. Outras condutas non permitidas polo dereito da competencia

A normativa de defensa da competencia tamén prohibe:

[1] Entre outros supostos: adquisicións de sociedades, activos aos que se lles poida asignar un volume de negocios determinado, creación de empresas en participación que desenvolvan plenas funcións.

- Obstruír o labor inspector da autoridade de competencia mediante: (i) a non-presentación ou a presentación de forma incompleta, incorrecta ou enganosa dos documentos ou informacións solicitadas pola autoridade; e (ii) romper os precintos aplicados pola autoridade durante unha inspección domiciliaria.

- Proporcionar información falsa ou inexacta en resposta a un requirimento de información por parte da autoridade de competencia.

5. ENTRADA EN VIGOR, VIXENCIA, COMUNICACIÓN E REVISIÓN

A entrada en vigor do presente documento terá lugar no mesmo momento da data de aprobación, modificación ou actualización.

Será obxecto de publicación e difusión para o seu axeitado coñecemento, atopándose a disposición e consulta na web corporativa.

Con carácter ordinario, CLECE revisará o seu contido coa periodicidade establecida no seu sistema de información documentada e de forma extraordinaria cando concorran circunstancias significativas de carácter legal, organizativo ou de calquera outra natureza que xustifiquen a súa adaptación e/ou actualización inmediata.